

RODOLFO PRADA
CONSTRUCCION 4234
Buenos Aires

23 Febrero 1956

Senor,
Don Luis Tobío,
26 de Marzo 1089,
MONTEVIDEO. (Uruguay)

Benquerido amigo e irmán:


Supoño que o bo amigo Couceiro lle haberá transmitido as miñas felicitacións polo magnífico traballo que fixo, a xeito de barudo perpiño, pra o proieitado Congreso da Emigración Galega. Perfeita e luminosa cada unha das tres partes. Fixen entrega do traballo ao Consello de Galiza e a todos gostou e alentou moitísimo. Istase traballando encol das fases limiares do proieuto e, no seu intre, se lle informará a vosté o respecto.

Agora temo o gosto de cumprir outro encárrago pra vosté. Trátase do seguinte: da grandeira obra, que patrióticamente financia noso esgrevio Don Manuel Fuente, da historia de Galicia. Como vosté sabe, vense escribindo por un equipo de especialistas, alá na Terra, baixo a dirección de Don Ramón Utero Pedrayo. Xa se recibiron os orixinaes pra os dous primeiros tomos que xa istán sendo impresados. Don Manuel contratou o traballo ca imprensa López de ista cidadá (a mesma que fixo o libro "As Cruces de Pena na Galiza" de Castelo), en 400 e pico de mil pesos. ~~Amás de elo, os grabados custarán uns 150 mil pesos.~~ Isto lle dará idea da importancia da obra. A edición istá ao cuidado de Luis Seoane axudado por mín. Agora ben, témole a probrema da corrección das probas, non pola corrección simple en sí, que se podería seguir doutramente en base a os orixinaes, senón pola necesidade de unificar a ortografía dos varios traballos de difrentes autores. Elo comporta unha responsabilidade que somentes pode ser asumida por persoa autorizada, ~~en~~ por outa preparación intelectual e amplo coñecemento da nosa lingua, pois vai tuda a obra en idioma galego. Con Utero Pedrayo tense acordado que se faga a primeira corrección, - e conseqüente unificación ortográfica e lingüística-, eiquí, enviándose a éle a derradeira proba pra sere revisada ~~etc~~ e conformada alá.

Agora ben, Seoane e máis eu entendemos que vosté é a persoa máis calificada nas terras do Plata pra labouza tan importante. Don Manuel atopou perfecta a elección e fíxome o encárrago de lle escribir propoñéndolle isa colaboración e pregándolle queira aceptala, a base, naturalmente, de lle compensar cós honorarios que correspondan, xa que o traballo será fadigoso e lle demandará tempo que vosté perdería de adicar a labouzas periodísticas ou editoriaes que lle rinden beneficios

A imprensa xa entregou as probas dos primeiros traballos: o Prólogo ea Descripción Xeográfica de Galicia, amos de Utero Pedrayo. Si témola a sorte de que vosté aceite a labouza que lle propomos, enviaríamolle ise material seguidamente. Prégolle, pois, nos favoreza ca súa resposta, o máis axina que lle sexa posibebe.

Aproveito gostoso a oportunidade pra o saudar moi cordialmente, afmo. s.s. amigo e irmán,


P/D.-: Lu permítome apelar afervodamente ao seu patriotismo galego, pra que faga o sacrificio de aceptar o encárrago.